



CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 26 de febreiro de 2026, o expediente de modificación de créditos núm. 2/2026, (1º de competencia do Pleno), dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe total de Noventa e dous mil douscentos corenta con nove (92.240,09) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 26 de febreiro de 2026.- O alcalde - presidente, José Ulla Rocha.

R. 0505

BURELA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2026

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2026, en sesión extraordinaria celebrada o 2 de marzo de 2026, e documentación que se acompaña, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención deste Concello de Burela, por prazo de quince (15) días hábiles-- que comezará a contarse desde o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo-, a fin de que durante este prazo podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas á Sra. Alcadesa-Presidenta desta Corporación.

Burela, 2 de marzo de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0525

LUGO

Anuncio

Advertido o erro no anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 045, do 25/02/2026, relativo á convocatoria do Premio de Deseño Gráfico "Arde Lucus 2026", procédese á emenda da inclusión do punto 14 relativo á protección de datos:

14.- Información sobre a protección dos seus datos:

O responsable do tratamento dos seus datos é o CONCELLO DE LUGO, que os tratará co fin de xestionar a súa participación nos certames ou concursos que promove, así como o posible aboamento da contía económica correspondente no caso de que resulte gañador/a do premio. A base de lexitimación para o tratamento dos seus datos reside no cumprimento dunha misión en interese público por parte do Concello de Lugo (art. 6.1 e RXPd) de acordo co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Poderán serlles comunicados ás entidades financeiras que se encarguen do aboamento dos premios aqueles datos persoais dos/as gañadores/as que resulten necesarios para tal fin. Tamén os seus datos persoais poderán serlles comunicados a outros/as destinatarios/as cando exista unha obriga legal que apoie a dita comunicación. Non se prevén transferencias internacionais de datos.

Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación de tratamento e, se é o caso, portabilidade de datos e dereitos dixitais recollidos no RXPd e na LOPDGDD, mediante comunicación dirixida ao delegado de Protección de Datos do Concello de Lugo (dpd.lugo@seguridadinformacion.com) ou ao enderezo praza Maior, 1, 27001 Lugo. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control.

O que se publica para xeral coñecemento.

Lugo, 26 de febreiro de 2026.- O tenente alcalde delegado da Área de Urbanismo, Deportes e Xuventude, Jorge Bustos Atanasio.

R. 0506

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 06 de febreiro de 2026, acordou aprobar o **Padrón Fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de XANEIRO de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil seiscientos sete euros con sesenta e nove céntimos (3.607,69 €), correspondendo mil catrocentos cincuenta e tres euros con setenta e nove céntimos (1.453,79 €) a libre concorrência e dous mil cento cincuenta e tres euros con noventa céntimos (2.153,90 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oural, 18 de febreiro de 2026.- O alcalde – presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0500

PANTÓN

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno desta Entidade, de data 26 de febreiro de 2026, o Orzamento Xeral, para o exercicio económico 2026 con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a

documentación preceptiva por prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta Entidade [<http://panton.sedelectronica.gal>].

De conformidade co acordo adoptado o Orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Pantón, 26 de febreiro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0507

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **16/02/2026**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **NOVIEMBRE** de 2025, polo importe total de **2.885,97€**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 23 de febreiro de 2026.- O alcalde, P.O. o 1º tenente alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 0501

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **16/02/2026**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **DECEMBRO** de 2025, polo importe total de **2.942,11€**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 23 de febreiro de 2026.- O alcalde, P.O. o 1º tenente alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 0502

RIBADEO

Anuncio

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión extraordinaria celebrada o día 10/02/2026, adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe:

PRIMEIRO. Desestimar integramente as alegacións presentadas e proceder á **aprobación definitiva da modificación puntual da RPT municipal**.

SEGUNDO. Dar traslado da resolución aos interesados e **publicar a aprobación definitiva** desta modificación puntual no BOP de Lugo, así como na sede electrónica do Concello, e no prazo de trinta días remitir copia á Administración do Estado e, no seu caso, á da CCAA.

Salvo mellor parecer fundado en dereito.

A Comisión aproba a proposta de ditame por 4 votos a favor do Grupo Popular e 2 abstencións do Grupo do BNG

O Pleno aproba o ditame da Comisión por 7 votos a favor do Grupo Popular e 6 abstencións dos Grupos Socialista e do BNG.

Así, a RPT municipal resulta definitivamente modificada nos seguintes postos:

- Persoal laboral

Posto nº 0304, Administrativo/a do ARI: nivel CD 19.

Postos nº 0701, 0702, 0706, Operarios de servizos múltiples: CE mensual de 525,02 €.

Posto nº 1022/3, Oficial de obras: nivel CD 16.

Posto nº 0716/U, Condutor mecánico: nivel CD 18.

Supresión do posto nº 0404, Educador/a Familiar, cambiándoo por un posto de Traballador/a Social, grupo A, subgrupo A2, nivel de CD 22.

Inclusión dun posto de Psicóloga do CIM ao 50% da xornada, da Escala de Administración Especial, grupo A, subgrupo A2, nivel de CD 24.

- Persoal funcionario

Posto nº 0107, Técnico/a de Xestión Económica: actualización do CE a 1020,21 € mensuais, por equiparación.

Posto nº 0008, Técnico Informático: nivel CD 19.

Ribadeo, 26 de febreiro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0508

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/47, de data 23 de febreiro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 23 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 0503

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/48, de data 23 de febreiro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de xaneiro de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados, a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 23 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 0504